



**BRAIS** DAS **HORTAS**  
**CONSERTASSO**  
**NA HORTA**

ILUSTRADO POR **IRIA RIBADOMAR**





BRAISDASHORTAS

# CONSERTASSO NA HORTA

Hoxe na horta de Brais das Hortas hai concerto!

Mellor dito : *Consertasso!!*

A Santa Compañía cantando un trap, unha avalancha de kiwis, unha pulga punk da praia de Liméns, un Soulman cantando cunha escobilla do váter ou un astronauta que vai á lúa cun queixo de Arzúa.

Un feixe de personaxes e de cancións, de músicas diversas (reggae, ska, punk, hip-hop, rock, soul, trap...) para reivindicar con alegría e amor a vida e a rebeldía da nosa horta.

**VER VÍDEO**





# A HORTA


Consertasso na Horta é unha viaxe pola horta musical de Brais das Hortas, polas súas loucuras e fantasías.

Canción a canción, rego a rego, un feixe de personaxes levarannos de paseo polos variados cultivos sonoros deste veterano e ecléctico músico.

As súas letras, ácidas e profundas ás veces, lixeiras e divertidas noutras, van sempre ben abonadas de retranca e inxenio.

A música desta leira foi coidada ao detalle, buscando o equilibrio entre o tradicional e o electrónico, entre o punk e o chill-out, entre o trap e a regueifa.

Todo para amosar un irónico retrato da nosa sociedade, cunha fonda dose de esperanza no cambio sostible co medio e con nós mesmas.



# BRAIS DAS HORTAS


Brais das Hortas é músico, clown e narrador e leva xa 25 anos nos escenarios.

Toca en proxectos coma Blues do País, Sacha na Horta ou o Concerto PunkInfantil (canda Peter Punk Pallaso).

Formou parte da banda de Mamá Cabra, de Sons Miúdos (Paco Nogueiras, Magín Blanco, Uxía Senlle, Xoán Curiel, Pablo Díaz...), da Banda Fura Fura (Sés, Bocixa de Zënzar, Ico do Sonoro Maxín, Leo i Arremecághona!...) e colaborou con Ataque Escampe, Sofía Espiñeira... e compón bandas sonoras.

Como clown, traballa con Peter Punk Pallaso en dous espectáculos (Concerto PunkInfantil e Peter Punk e o Neno Imperdible) ademais de facer espectáculos en solitario.

Como narrador forma parte da Tropa de Trapo, con Marta Ortiz, con quen fixo numerosas xiras e campañas escolares (Xira da Fundación Abanca, 6 xiras co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Campaña Impórtanos de Vigo...)





En **Consertasso na Horta**, Brais das Hortas canta e toca o charango, a guitarra eléctrica, a guitarra acústica, a pandeireta e o stomp box.

As cancións son orixinais, escritas, compostas e gravadas por Brais das Hortas, misturadas por Tomás Ageitos (Estudios A Ponte) e masterizadas por Dr. Chou.

A ilustración da escenografía fíxoa Iria Ribadomar, de Deica Creacións.

Colaboraron na gravación do proxecto artistas coma Peter Punk Pallaso, Bieitta James (de Blues do País), María da Pontragha, Mané dos Cadavás, Iseo Agilda e Alenya Espiñeira (Sacha na Horta), Marta Ortiz (Tropa de Trapo)... E organizacións locais coma a Comunidade de Montes de Darbo.





**BRAIS<sub>DAS</sub>HORTAS**  
**CONSERTASSO**  
**NA HORTA**

Espectáculo : **Consertasso na Horta**

Elenco : **Brais das Hortas**

Público : **Familiar**

Modalidade : **Música e clown**

Idioma : **Galego**

Duración : **1 h**

Montaxe : **2:30 h**

Desmontaxe : **2 h**

Necesidades técnicas :

- Espazo mínimo 6 x 4 m e 2,50 m altura
- Toma de corrente
- Acceso coa furgoneta ata o lugar da actuación
- Dispoñer do espazo durante a montaxe e desmontaxe





COOPERATIVA GALEGA DE ARTISTAS



637 756 129

[charlatana@charlatana.org](mailto:charlatana@charlatana.org)

[www.charlatana.org](http://www.charlatana.org)